

### **III CERTAME LITERARIO**

Don Diego Sarmiento de Acuña  
Conde de Gondomar

**Poesía e Relato**

**CADERNOS DO IEM. Nº 8. 2ª etapa.  
IEM (Instituto de Estudos Miñoranos)**

**Redacción e Administración:**

CEIP Mallón. 36379, San Pedro da Ramallosa  
Nigrán. Val Miñor. Galiza.  
e-mail: [publicacions@minhor.org](mailto:publicacions@minhor.org)  
Internet: <http://www.minhor.org>  
Apartado 30, 36380-Gondomar.

**Director:**

Carlos Méixome Quinteiro.

**Consello de Publicacións:**

Concha Costas, X. Bieito Legaspi, Alberte Valverde,  
Xosé Lois Vilar, Antón Mascato e Carlos Méixome.

**Coordinación da Edición:**

X. Bieito Legaspi.

**Deseño, maquetación e execución gráfica:**

Edicións do Cumio.

**Depósito Legal:** Vg: 558/2004

**I.S.B.N.:** 84-8289-311-4

Xa cumprimos tres anos. Iso quere dicir que estamos a dar pasos seguros nesta andaina que agardamos sexa duradeira. Permítanme o símil para referirme a este fillo da Concellería de Xuventude do Concello de Gondomar. Estamos ante a terceira publicación froito dos traballos presentados ó III Certame Literario "D. Diego Sarmiento de Acuña".

Nas páxinas que seguen están plasmadas ideas, imaxinación, dúbidas, fantasías, esperanzas, angustias e, sobre todo, os sentimentos dun grupo de mozos e mozas que atopan na literatura un medio de expresión. Hai quen escolle a poesía, e hai quen se decanta polo relato. En calquera das dúas modalidades atopamos xoias da espontaneidade que algún día, sen dúbida ningunha, darán paso a unha técnica máis depurada que chegará a miles de lectores. Iso é , nin máis nin menos, o que pretendemos dende que se puxo en marcha este proxecto.

Un proxecto no que se implicaron dende o primeiro momento persoas, colectivos e institucións. Falamos de profesores, de pais, de editoriais, de escritores, do Instituto de Estudos Miñoranos ou da Dirección Xeral de Política Lingüística. A todos moitas gracias, xa que sen eles non sería posible sacar adiante esta publicación que agora lles presentamos.

Como responsable do departamento de Xuventude do Concello de Gondomar, espero e desexo que gocen coa lectura e que aplaudan o

mérito e a valentía dos autores. Eles son os auténticos protagonistas.

Miguel Ángel Jorge Álvarez  
Concelleiro de Xuventude  
Concello de Gondomar

# Poesía

Marta Álvarez Torres  
CEIP Chano Piñeiro. 1º Premio.

## UNHA PAISAXE EN SOÑOS

As ondas chocando contras as rochas  
nun mar en calma,  
as gaivotas como tolas  
por escoita-la miña arpa.

Noutro lado animais  
correndo sen cesar,  
e estrelas con luces que alumeades  
sen deixar de brillar.

A herba no campo,  
co aire ó pasar  
desde a miña cama co meu manto  
podo escoitar.

¡Como me gustaría que fose verdade,  
e non me atopar coa realidade!

-----

-----

Kevin Vázquez Comesaña  
CEIP da Cruz. Camos. 2º Premio.

## SENTADA NA PRAIA

Sentada na praia estaba  
e ó seu lado unha gaivota,  
na man esquerda unha rosa  
na dereita unha fermosa caracola.

Como se fose unha estrela  
ou luceda perla da ostra  
fosforescía de vez  
e anegábase doutra.

Ollaba o ceo onde a lúa  
co seu sorriso cómplice  
reflectía nas augas salgadas  
sombros semellantes á súa.

Nos seus beizos había algo  
que non podía susurrar,  
por iso soa cantaba  
co son melancólico do mar.



Eva Parada Antón  
Colexio Andersen. 3º Premio

## O PARCHÍS

Vermello, verde e azul,  
as cores do parchís,  
ademais do amarelo,  
que me esqueceu a min.

Engadímoslle dúas cores  
para un parchís de seis:  
un laranxa e un morado,  
mellor ca un gris e un dourado.

Para o parchís de oito,  
co violeta e o añil,  
xa son oito as cores  
que precisamos para o parchís.

Sobran catro cores,  
salmón, limón, granate e marrón,  
como non temos sitio  
gardámolas para outra ocasión.

-----

-----

-----

Nerea Rodríguez Rodríguez  
Colexio Apóstolo Santiago. 1º Premio.

## EU LOITO

Face-lo que quero  
sen maltratar ós demais,  
ter uns dereitos,  
poder falar sen máis.

Loito por iso  
¿Por que loitas ti?  
Únete a nós  
fai algo á fin.

Rebeldes sen causa  
rebeldes por amor  
rebeldes con causa  
ou por obrigación.

Loito por iso,  
loito por voar  
loito con risco,  
loito por poder pensar.

Daría ata a vida  
por poder actuar  
nalgunha outra obra  
con sentido existencial.

Puri Pérez Méndez  
IES Terra de Turonio. 2º Premio.

## MAREA NEGRA

Marea negra en Galicia  
máis dunha na nosa terra  
unha vez nos azoutou  
e nós ceibamonos dela.

Un manto negro no mar caeu  
e o equilibrio no mar rompeu.  
Todos axudaron a limpar o mar  
e a Galicia puideron salvar.

Houbo unha hai moito tempo  
e o mar quedou en silencio,  
os paxaros non piaban  
e os peixes non se alimentaban.

Todo o mundo nervioso estaba  
porque o mar non melloraba  
o mar o negro non o quería  
e sempre o azul perseguía.

O sol cando se metía  
negro se volvía  
e as nubes ó ver o mar  
choraban tódolos días.

A lúa cando saía  
tamén se entristecía  
e sempre ó ver o negro manto  
tamén choraba de espanto.

-----

-----

Laura Rodríguez del Río  
IES Terra de Turonio. 3º Premio.

## Á AMA DA CASA

Empeza un novo día,  
e con bo humor comezaría.  
A ama da casa fai o almorzo  
para os seus fillos e outros orfos.  
Cando xa están todos listos  
mándaos ó colexio cun sandwich mixto.

A ama de casa comeza a limpar  
e enrola os calcetíns co seu par,  
pon a lavadora,  
e de seguido pasa a aspiradora,  
colga a roupa no tendal  
e ponse a coser cun dedal.

Limpa sen parar,  
pero non deixa de cantar,  
alegremente fai as obrigas  
e limpa todas as migas,  
lava os vasos e pratos  
mentres mira pola ventá os patos.

Cando chegan os nenos a comer  
sírvelles cunha culler;  
comen ata fartar  
e logo marchan a xogar.  
Por último recolle a mesa  
sin que se lle caia a maionesa.

A ama de casa non pode máis,  
porque traballa sen a axuda dos demais.

Uxío Méixome Xuíz  
IES Escolas Proval. 1º Premio.

## NÓS, OS NINGUNEADOS

Para todos os que estamos sendo ninguneados, aplastados, oprimidos  
por unha forza, estado, deus...  
que din superior.

Reclamo a todos os ninguneados que desperten  
que intentemos cambiar esta frustración  
esta maldita situación na que observamos  
na que vivimos nun presente que é un fracaso  
na que tivemos un pasado que xa pasou  
e teremos un futuro...  
un futuro que nin se ve.

Rematemos con esta inxustiza  
resucitemos xa desta morte en vida  
vida na que naces, creces, fódente e morres  
(o de foderte vai depender do lugar onde naces  
se naces máis ao sur ou máis ao norte  
fódente máis ou menos).  
Acabemos xa cos tres mundos  
eu tan só quero  
eu tan só vexo un.

Podédesme chamar pesimista, ou mesmo realista  
tanto ten  
tan só escribo estas estúpidas liñas  
para tentar explicar unha frustración  
explicar o mundo en si  
o que vexo cada día:  
xente pisando a outra  
persoas iguais que tan só pensan en estar por riba dos demais  
en ser superiores.

Remato xa con este pequeno manifesto  
que nos sirva aos ninguneados para despertar dunha vez  
non deixemos que isto quede en palabras.

-----

-----



Laura Iglesias Benavides  
Colexio Panxón. 2º Premio.

## VIDAS PARALELAS

María é de relixión cristiá  
e vive libre en España.  
Lalia é de relixión islámica  
e vive en Kabul, atrapada.  
María viste saia planchada,  
camisetas, xerseis, vaqueiros...

Lalia xa está preparada  
para o burka, de certo  
pronto estará encerrada.  
María xa ten nove anos  
e fixo a comunión sagrada  
cun belo vestido branco  
e unha cesta de flores colmada.  
Lalia, coa mesma idade,  
non pode ver case nada,  
e tropeza polas rúas,  
o burka tena atrapada,  
de xesto, de rostro, de todo,  
de sorriso, de soños, de mirada.  
É morena e de ollos azuis  
mais ninguén se decata.

María ten agora quince,  
sae coas amigas moi animada  
rindo, gozando e bailando,  
tódalas fins de semana.  
Lalia contra a súa vontade  
vese recén casada  
e sen querelo, nin buscalo,  
xa está embarazada.  
María seguirá rindo e bailando,  
e pode que Lalia morra lapidada  
polo abandono dun marido,  
que non buscou, nin quixo, nin ansiaba.  
¿Ata cando vai seguir isto?  
¿Ata cando estarán atrapadas?  
¿Ata cando seremos irracionais?  
¿Ata cando verán tapadas as súas miradas?

Adicado ás mulleres que non paran de sufrir,  
e que cambiarían a súa vida pola miña sen dubidar,  
porque a túa vida sen ti decidir  
non é vivir.

Roi Méixome Xuíz  
IES Escolas Proval. 3º Premio.

## **NOVA OLIGARQUÍA**

Desperta o día once  
o sol vermello ergueuse  
verteuse sangue inocente

fomos testemuñas do asasinato  
fomos testemuñas so sufrimento  
fomos testemuñas do teatro

o teatro dos poderosos  
poderosos que saían  
saían coas mans brancas  
despois de as lavar

lavar quitándose toda a culpa  
culpa que teñen por provocar  
provocar dor, morte, pena

pena que dá ver  
que non deixades de matar  
matar todo o que atente  
contra a vosa democracia

democracia na que mandan  
asasinos de colo branco  
na que nunca seremos iguais.

Xamais o seu voto poderá facernos iguais.

-----

-----

# Relato

Beatriz Cortés Martínez.  
CEIP Chano Piñeiro. 1º Premio.

## SPARKS SOUH FITI

Ola, eu chámome Spark Souh Fiti, pero os meus amigos chámanme Sparks. Non é por ser chulito, pero coñezo bastantes idiomas, estiven en moitos sitios, dende ranchos ata hipódromos. Vivín algunhas aventuras divertidas, teño pasado por moitos donos e ademais coñecín unha centena de cabalos e eguas.

A verdade é que tiven unha vida moi axetreada, e tamén interesante. Se queredes cóntovola, pero tedes que estar moi atentos.

Ben, aquí tedes:

Nacín en Rusia, nunha pequena vila chamada Ágata. Miña nai e meu pai vivían nunha granxa dun pobre campesiño chamado Carlos e da súa muller, María. Miña nai chamábase Tara e meu pai Ulises. El traballaba con Carlos arando os campos e a ela utilizábaa María para ir buscar froitos ó bosque. Cando quedaba só na corte xogaba a colocar saltos e saltar. Os nosos donos apenas tiñan diñeiro para comer. Cada luns baixaban á vila a vender unha parte da verdura e do leite de cabra, co que gañaban algunhas moediñas con que pagar outros gastos. Todo ía ben, ata o meu cuarto inverno de vida. Unha mañá, cando espertei e me asomei á ventá, non imaxinades o que vin: ¡todo estaba de cor branca! A min pareceume divertido, pero a Carlos e a María non; as verduras botáronse a perder e o camiño por onde recollían froitas estaba taponado e non había outro sitio por onde recollelas. E un día, Carlos entrou na corte e díxolle a miña nai:

- Síntoo, pero teño que vender o teu fillo. Mañá pola mañá levaréino á feira.

Aquela noite déronnos dobre ración de avea. Cando a comemos xogamos un pouco. Máis tarde acicalámonos e quedamos durmidos, xuntiños miña nai e mais eu toda a noite.

Ó día seguinte, cando chegou a mañá, entraron Carlos e mais María, puxéronme unha cabezada e unha mantiña e saímos camiño da feira. Tardamos un cuarto de hora en chegar alí. Cando cheguei, vin unha chea de animais: había cabalos, vacas, galiñas, pitos, ovellas... A min atáronme con outros cabalos. Entre eles, os que mellor me caíron foron un cabalo e unha egua chamados Aragog e Larsa, que naceran salvaxes nun monte; un día uns homes atacaran á súa manda e cazáranos. Estiven falando con eles ata que me colleu un home e meteume nun camiión. Durante bastante tempo ollei como deixaba atrás o meu fogar. Logo quedei durmido. Cando espertei estaba nunha corte. Levanteime e



asomeime: ¡Estaba nun picadeiro! Ó meu lado, nas outras cortes, tamén había cabalos e eguas. A un dos meus lados estaba Quinin Coquet e ó outro, un cabalo chamado Little Spoth. O que máis lle gustaba a Quinin era facer doma e a Little as carreiras; sempre estaba a falar de que fora a un hipódromo e fixera unhas carreiras. Eles contáronme que estabamos nun picadeiro chamado "Two Mari, One Mari". Tamén me contaron que poucos días despois poríanme unha montura e unha cabezada incómodas e levaríanme a unha pista onde tentarían domarme, montarían homes enriba ata que me portara ben. E así foi. Dous días despois puxéronme a montura e a cabezada e, acto seguido, leváronme á pista. Entón montou un home e comecei a botar; e cando o tiraba montaba outra vez; e se cansaba viña outro.

Estiven brincando un bo pedazo, pero despois cansei e porteime ben. A partir dese momento montábanme case tódolos días. Ensináronme a facer ben o paso, o trote e o galope. Iso estivéronme ensinando catro meses e despois, un día, puxéronme un saltiño e leváronme para que o saltara. Estiven saltando e cando acabei portárame tan ben que me levaron a un recinto e me soltaron cos demais cabalos e eguas.

Paseino moi ben xogando cos demais cabalos. Pero pronto chegaron e volveron levarme á corte. Estiveron entrenándome para salto dúas semanas e media levándome ó recinto, pero o último día non me levaron, "o próximo día non saltarei".

Nunca me montaban á mañá, pero ese día puxéronme a sela de montar e metéronme nunha pista pequena. Dei un par de voltas e despois metéronme nunha pista con moitos saltos. Entón sou unha forte badalada e asusteime un pouco. Logo o home que me estaba montando deume coas pernas para que me puxese a galope, pero eu quedei quedo. El seguiu tentándoo. A continuación acercouse un home e deulle algo ó que me montaba. Nese momento rabuñoume un tigre e saín correndo. O meu dono dirixiume a un salto. "Boa idea" pensei. Saltei, pero o tigre seguíame perseguindo, ata que superei o último salto.

Despois puxéronme unha escarpela na cabeza. A continuación dei unha volta á pista con música. Logo fóronse todos menos eu, que seguín dando outra volta á pista, mentres todo o mundo aplaudía. Máis tarde leváronme á corte. Estaba tan canso que me durmín. E tiveron un soño. Estaba correndo e perseguíame un enorme e feroz tigre.

Espertei suando e díxenlle a Little:

- Hoxe no concurso perseguíame un tigre.
- Que tonterías dis; só era unha fusta que manexaba o que te montaba -explicoume el.
- Que tonto fun entonces -dixen avergonzado.
- Non. Tranquilo- díxome.





Á mañá seguinte entrou Charlie (o meu amo) cunha moza chamada Laura Wors. Ela examinoume durante un bo pedazo e despois díxolle a Charlie:

- De acordo, lévoo.

Metéronme nun camiión e despois nun tren. O tren facía moito ruído e non podía dummer. Estiven un anaquiño mirando as estrelas e despois, a pesar do ruído, quedei dummer. Cando espertei vin un cartel no que poñía: "Mora 10 KM". Estiven pensando onde oíra ese nome. Tras darlle moitas voltas deime de conta: ¡¡ESTABA EN SUECIA!! Leváronme a un picadeiro, onde estiven uns días. Na mesma corte estaba outro cabalo, chamábase Llobregat. Contoume que el nacera en España, concretamente en Cataluña. Tamén me contou que España era moi bonita e que oxalá fose algún día coñecela. Ademais contoume que el se chamaba igual que un río. Eu tamén lle contei onde nacera.

Ó día seguinte metéronme nun camiión e leváronme a un hipódromo. Era tal e como mo describira Little, o cabalo que coñecera en "Two Mari, One Mari".

Cando me baixaron do camiión, puxéronme a sela de montar e leváronme á pista. Entón metéronme nunha especie de caixón e dixeron: ¡¡tres!!, ¡¡dous!!, ¡¡un!!, ¡¡ XA!! Nese momento abriuse o caixón e non sei por que comecei a correr. Dei dúas voltas e despois pasei por unha liña e paráronme:

- O que pensaba. É bo -dixo Laura.

Metéronme nunha corte con avea e palla. E tras unha boa cea acostei-me. Á mañá seguinte enseláronme cunha sela moi lixeira e leváronme de novo ó caixón. Volveron dicir: ¡¡ Tres!! ¡¡Dous!! ¡¡Un!! ¡¡XA!! Eu saín correndo, pero esta vez tiña contrincantes. Corrí todo o que puiden, pero diante miña quedaron dous. Laura enfadouse comigo e deixoume mal atado. Era o momento de actuar, tiña que escapar. Fun a un campo onde había moitísimas vacas e touros. Entón quedei dummer. Cando espertei estaba nunha corte, pero non era como as demais. Era de madeira e con herba no chan. Levanteime e asomeime pola xaneliña. ¡¡Estaba nun rancho!! Como sempre desexara. Achegouse un home e díxome:

- ¿Gústache o rancho?

Eu rincheille dicíndolle que si, e creo que me entendeu.  
Sacoume da corte, deume unha ducha e púxome unha manta.

- Agora ferrarémoste -dixo.







Levantoume a pata, pero eu xa tiña ferraduras.

- Así que Sparks Souh Fiti ;eh! -dixo. -Bonito nome.

Enseloume e comezamos a levar as vacas. Ó chegar ó campo e estar rodeado de animais, lembreime de cando vivía coa miña nai. Emocioneime tanto que empecei a persegui-las vacas, a dar botes... e ó final tirei co xinete, pero xogando. De súpeto vin uns cabalos que me miraban con cara rara e avergonceime. Debín quedar como un idiota. Pero un deles fixo o mesmo ca min e seguinlle o roio. Entón empezou a correr cara a min. E os demais seguírono. As miñas patas tremelican, parecía unha estampida de ñus ou algo así. Pero uns homes apareceron da nada e colléronos. Despois os seus anos leváronos. Eu tentei seguiilos, pero Pablo, o meu amo, colleume. Parecía enfadado.

Cando chegamos ó rancho deixoume na corte directamente, nin sequera me sacou a montura, por enfadalo ou porque quería ir con aqueles cabalos.

Á mañá seguinte veu outro señor que non era Pablo. Colleume e meteume nun camiión. Pablo estaba alí mirando como me levaban. Eu rincheille, pero non me fixo caso. ¡¡Que triste estaba!! Despois dun anaco mirando como nos afastabamos do rancho, dei a volta e púxenme a comer palla que había no camiión. Sacáronme do camiión nun aeroporto onde iamos embarcar cara a Francia. Non pasamos polo medio do aeroporto, demos un rodeo nun avión. Eu tiña medo e non quería montar, pero ó final conseguiron meterme, ¡cos meus quince anos! Xa non estaba como para resistirme como antes.

Cando chegamos a Francia leváronme a un picadeiro que se chamaba "Elche Horsis Morchi". Alí coñecín a moitos cabalos e eguas. Entre eles, os que mellor me caían eran Jurasick, Mol Juck, Lupita, Omix e Dupix. Jurasick era un fanático dos dinosaurios. A Mol Juck encantáballe observar as estrelas. Lupita estaba obsesionada coa imaxe. E Omix e Dupix eran xemelgos e sempre compartían todo.

Alí vivín nove anos indo a concursos, facendo clases...; ata un día fun a un concurso internacional no que quedei de primeiro. Vivía ben, pero un día metéronme nun barco. Paseino moi mal, porque me mareaba.

Cando chegamos, decateime de que estaba en España. Iso fíxome lembrar moito a Llobregat. Todo era tal e como mo contara.

Leváronme a un campo de Andalucía, que é onde agora vivo. E así termina a miña historia.













Blanca Miranda Rivera  
CEIP Chano Piñeiro. 2º Premio.

## FESTA NO MAR

Karion era unha serea. Ela estaba moi contenta de ser serea, xa que eran uns seres míticos que xa case se estaban a extinguir. A verdade é que era moi boa persoa, por iso todo o mundo a quería. Karion naceu unha mañá de setembro nun arrecife de corais habitado por ostras perleiras. Dende aquela, Karion ía alí tódolos días, xa que lembraba os seus irmáns: Jarot e Braian. Jarot morrera comido por unha quenlla e Braian desaparecera buscando perlas de nácar. Botábaos moito de menos xa que eran os máis pequenos e queríaos con toda a súa alma.

- ¿Por que Poseidón me castiga desta forma?- preguntábase Karion.

Pero por moito que preguntase, nunca ía sabe-la resposta.

Ela tiña moitos amigos; entre eles, tres: Neg, Magoryan e Dean. Estes pasaban todo o tempo consolándoa xa que estaba todo o día chora que chora. Karion sabía que tiña moito que agradecerlles. Entón un día organizou unha festa. Había moitos manxares: calamares con salsa de algas, filetes de castañeta con tinta de choccos e uns estupendos canapés de cuncha de mexillón con ameixas. De beber había outro tanto: zume de algas con azucre, viño de ostras e refresco de bacallao con mel. Tamén había outras cousas de postre, coma: xelado de chocolate con anaquíños de percebe e torta de congrio con gambas e nata.

- Todo está boísimo- dixo Magoryan, que aínda tiña a boca chea.
- Si, todo boísimo, pero falta a miña comida favorita- dixo Dean, con cara de preocupación.
- ¿Que?- preguntou Karion.
- Torta de cabaza con noces e chocolate branco- dixo Neg, coma se fose obvio.
- ¿E iso que é?- preguntaron Magoryan e Karion á vez.
- É unha clase de doce do mundo dos humanos que me gusta moito. Probámolo cando fixémo-la expedición- dixo Dean, que xa non estaba preocupado.

De repente, coma por arte de maxia apareceu na mesa unha torta grandísima. Os catro amigos botáronse para atrás a causa do fume que aparecera xunto coa torta.

Cando todo o fume se disipou, Dean acercouse un pouco desconfia-







do e dixo:

- Isto ... é... ¡TORTA DE CABAZA CON NOCES E CHOCOLATE BRANCO! - dixo despacio, xa que lle tremía a voz.
- Proba ti primeiro- dixo Neg asustada e desconfiada ó mesmo tempo.
- Iso, iso, xa que tantas veces a tes comido e tanto che gustou, próbaa ti primeiro- dixo Magoryan máis asustada que Neg, xa que esta se acercara para ver mellor a torta.

Cando Dean xa probara a torta, oíuse un estrondo enxordecedor e apareceu un sereo cun tridente. Aquel sereo non era nin máis nin menos que...

- ¡POSEIDÓN!- dixeron os catro amigos ó unísono.
- Si, son eu, deus do mar e das súas criaturas- dixo unha voz saída de ningures.
- ¿Que quere o máis grande deus do Olimpo?- dixo Dean exhausto.
- Quero que me digades quen vos mandou ese doce dos seres con pernas- dixo Poseidón fulminándoos coa mirada.
- Isto... - dixo Dean
- A verdade ... - dixo Neg
- Non... - empezou a dicir Magoryan, pero interrompeuna Karion.
- Non o sabemos- dixo como se xa tivera falado outras veces co seu deus.
- ¿E COMO TE ATREVES A COMELO SE NON SABES QUEN CHO MANDOU? ¿NON VES QUE PODE SER DO MÁIS TEMIBLE ADVERSARIO, NEPTUNO?- dixo Poseidón enfadado, como se levase un mes estudiando as mesmas palabras e o mesto ton de voz.- SE AGORA MORRESES, ¿QUEN CRES TI QUE TERÍA A CULPA?- seguiu dicindo Poseidón a Dean. Este estaba branco coma a neve.
- Tes razón, meu deus - dixo Dean nun descuido dos demais.
- Non me digas que teño razón- dixo Poseidón.
- ¿Por que, meu deus? - dixo Dean atónito.
- Porque nin ti, nin eu, nin todas esas rapazas saben quen a mandou - contestou Poseidón.
- Por favor, Poseidón, non lle bóte-la culpa a Dean- dixo Karion- el non ten culpa de nada.
- ¿Entón quen foi? - volveu Poseidón.
- Eu - dixo unha voz sen corpo. A voz era aguda e bastante forte.
- ¿Quen es ti? - dixo Poseidón falando despacio.
- Son Neptuno.













- Nin te atrevas a acercarte aquí- dixo Poseidón.
- ¿Como que non ? - dixo Neptuno.
- ¡Como que non! - dixo Poseidón.
- ¿E por que non? - dixo Neptuno.
- Porque este é o meu mar - dixo Poseidón.
- Vale, vello inimigo, pero ti tampouco te acerques ás miñas augas.
- Ehem... ehem... ¿podemos marchar?- preguntou Karion.
- Si - dixeron os dous deuses á vez.

Despois dun bo anaco volvéronse a encontrar con Poseidón.

- A verdade é que me extraña por que vos mandou a torta-  
dixo Poseidón.
- Eu seiño - dixo Karion - Neptuno é o meu irmán Braian.

Ante isto todos quedaron petrificados. Ninguén se decatara dese gran parecido que tiñan Karion e Neptuno.

Tódolos amigos foron moi felices.

E ata aquí esta femosa historia de fantasía.









Rebeca Domínguez Alonso  
CEIP Neira Vilas. 3º Premio.

## TRES PALABRAS MÁXICAS

Por un camiño pásase a outro mundo; o que quero dicir é que é un mundo marabilloso, onde non hai ninguén que te moleste. O día que atopei aquel sitio era un día de chuvia, levaba un gorro de la que me escapou co vento. Ao correr detrás del adentreime no bosque. Sen decatarme o meu gorro atravesou dúas árbores en forma de xe e desapareceu ante os meus ollos. Decateime e estiven a cruzalas, pero pareime a pensar. Sen pensalo nin un minuto máis, pechei os ollos e andei en liña recta.

Cando os volví abrir non podía crelo, era un mundo diferente no que vivía: montañas verdes e rochosas, animais en liberdade, ríos e lagos da cor da prata e ... ¡o meu gorro tirado no chan! ¡Que alegría!

Ben, despois disto dei unha volta por aquel mundo. Sen querer caeume ao chan a miña carpeta enriba dunhas papoulas e, despois de recollela, escoitei unha voz que gritaba:

- ¡Oe, ti! ¡A ver se tes máis coidado!- queixouse unha das papoulas que tiña un pétalo estragado.
- ¡Perdón! Eu non quería..., desculpeime.
- ¡Ti non querías, pero pasou; e mira agora, téñoa esmagada! Vale, perdóoche, pero que non se volva repetir.
- ¿Perdóasme? ¡Gracias, linda flor!
- Non me gabes tanto e vaite antes de que te pille Catuxa.
- ¿Quen?
- Nótase que non es de aquí; a bruxa Catuxa é un ser maligno. Ben, o que pasa é que se non te vas vaite converter no primeiro que se lle ocorra.
- Está ben, gracias.
- Vai polo camiño das pedras douradas; se segues por aí pode ser que as fadas te protexan.

Seguín polo camiño que me dixera a papoula. Máis adiante chegei a un bosque de cogomelos e impresionoume moito. Pero impresionoume máis ver uns trasgos, e pregunteilles:

- ¿Buscades algo?- dixenlles isto porque me pareceu que buscaban algo.
- Si, temos un problema. Antonte marchou a nosa princesa de Cogomelandia a St. Cogomelis; é moi guapa, esta é unha foto dela co seu pai.











Amosoume a foto, ela era moi guapa, e o pai... non quero engadir nada.

- Si, é moi guapa... ¿marchou ou secuestrárona?- preguntei.
- Non, ela dixo nese día "marcharei pai".
- Buscade nos sitios onde lle gustaba estar.
- Gracias, nena. Adeus.
- Adeus.

Máis adiante sentín que alguén me vixiaba. En efecto, sabía e confirmaba a miña sospeita. Aquel animalíño seguido doutro mirábanme e eu a eles con ollos de sorpresa. O animalíño que atopei era unha lebre que vestía unha saia vaqueira, un top cunha man debuxada que facía o signo do corte de manga e unhas lentes de sol e díxome:

- ¿Que miras, aparvada?- dixo o outro animalíño que o acompañaba.
- Eu, nada- respondín e seguín camiñando.

Era un feito, nosas nais gritábanos por dicir palabras brutas e os animais tratábante peor.

Cando xa andara varios minutos, diante dos meus ollos de cansazo atopei un pazo e diante miña unha fada:

- ¡Ola, cousiña! ¿Queres algo?- díxome sorrindo.
- Algo... claro que quero algo, as papoulas de varios metros máis alá do camiño dixéronme que aquí me protexerían. Eu só veño pedirvos un favor...
- Sssss... ¡Cala! ¡Velaí vén Catuxa, agóchate!

E apareceu Catuxa:

- ¡Ha,ha,ha! ¿Que escondes, Atea?
- ¡Nada, Catuxa!
- ¡Máis che vale, Atea!- e marchou sen deterse.

Saín dos matos onde me agochara.

- Uf... Non te pillou polo pelos.
- Si...
- Ségueme se queres pedir un desexo ou un favor, non tes que dicirno a min, senón a Nai Terra.

Mentres iamós dirixidas xunta a Nai Terra, fun vendo cousas









realmente impresionantes: bebés fadas aprendendo a voar, cabalos brancos e dragóns feiticeiros...

Cando chegamos, unha especie de pastor alemán saudou a Atea. Ela díxolle:

- ¡Ola! Pista, avisa a Tevamur se pode atende-la nena.
- Vouna avisar, pero está nunha xuntanza de fadas.
- ¡Dáme igual, esta nena precisa máis que as miñas irmáns!
- Tranquila Atea, esperarei.

Muito máis tarde, abríronse as portas, e Atea díxome que xa podía pasar. Ao pasar unha fada faloume:

- ¿Ti é-la nena que tan urxentemente necesitaba falar comigo?
- Si, quéroche pedir un favor.
- Fala, eu escóitote.
- Quero volver á miña casa.
- Para iso necesito tres palabras que che dirán tres persoas, pero cada persoa dirache tres, e ti terás que elixir unha. Esta é Claryn; acompañarate na túa viaxe, sabe voar.
- ¡Ola!
- Xa sabes onde tes que ir, Claryn.
- Monta, marchamos como as balas.

Marchamos coma raios e cando chegamos saíu unha eiruga.

- ¡Ola! Sen andar con moitos rodeos vouchas dicir: terra, aire e auga. Agora podes marchar.
- Moitísimas gracias.

Marchamos en dirección a outro sitio que non sei cal era. Preto dun soto Claryn descendía algo rapidiño.

- Aquí é, ségueme.- dixo Claryn.
- ¿Quen é?
- Malena é unha castiñeira moi boa, amable e sincera.
- ¡Ola! -dixo unha voz- ¿queréde-las tres palabras, non si?
- Si, Malena; necesitoas, por favor.
- Vouche dici-las palabras. Son: medo, valentía e soidade.
- Moitas gracias. ¡Corre, Claryn!

Esa foi unha parte de película, porque ao chegarmos ao sitio había alguén moi coñecido para min: o gato de Alicia.



-----









- ¡Ola, nena! -E sorría- ¿Ves polas tres palabras?
- Veño.
- Pois veña, vouchas dicir. Son as seguintes: amor, tristeza e dureza.

Naquel momento apareceu a raíña do pazo e gritou:

- ¡Que lles corten a cabeza!
- ¡Uí! Agora tíñanos que pillar esa tola... ¿Queres un consello?
- ¡Corre! ¡Ahhh...! ¡Socorro...! ¡Auxilio...!
- ¡¡Non fuxas, gato, voute desplumar!!- gritaba, pero mentres corría detrás do gato parou e díxome : ¿E ti? ¿Que fas aquí?
- Eu pasaba por aquí admirando as rosas.
- ¿Ah si? Que casualidade ¡Ti cres que eu son parva!
- ¡Vámonos Claryn, isto estase poñendo feo!

Xa voabamos lonxe, ou sexa a unha altitude máxima, e griteille:

- ¡As túas rosas están pintadas!

A raíña virouse cara aos seus súbditos e gritou:

- ¡Que lles corten a cabeza a todos!

E marchamos dereitiñas cara ao pazo das fadas. E alí agardaba Atea, que saudaba louca de alegría. Claryn baixou, e eu de enriba dela e corrín xunto a Nai Terra.

- Ya estás aquí. Dimas xa.
- Son estas: terra, valentía e amor.
- ¡Moi ben, faremos unha festa!

Aquela festa foi impresionante, regaláronme de todo, e metino na mochila da escola.

Máis tarde a bruxa Catuxa e Atea fixeron un pacto, e fixéronme prometer que non o diría.

Despois Atea preguntoume:

- ¿Amigas?
- Amigas, para sempre.

Nese instante aparecín no bosque co meu gorro de la e a bonita experiencia de coñecer un lugar fantástico. Agora cada fin de semana







vou visitalas.

-----













Jennifer Pousa da Rocha  
IES Escolas Proval. 1º Premio.

## HISTORIA DUNHA VIDA

Os seus beizos tremían. O seu cabelo de cor cereixa bailaba ó son da fría brisa mariña. As súas fazulas, sempre avermelladas, agora transmitían unha placidez sorprendente. Os ollos, cheos de bágoas, bágoas sinceras, bágoas que se fundían no mar daquel recóndito porto.

Ela tremía. Pensei que podería ter frío e púxenlle a miña cazadora sobre os ombros. Case sen querer, roceille coa miña man polo cóbado, e un calafrío inundou o noso corpo por un momento. Ela estaba nerviosa, apertaina contra min. Puxo a súa cabeza sobre o meu peito, podía escoita-la respiración dun xeito brusco e intenso. Os dous sabíamos que todo iso axiña remataría, que debía coller ese barco e marchar lonxe co meu pai. Pero tiñámo-la necesidade de facer ese momento único. Só dos dous.

E de súpeto escoitei o estridente ruído da buguina anunciando que o buque partía de contado. Soltei a Ágata e, mirándoa fixamente ós ollos, biqueina. Non sei se foi a maxia do momento, ou quizais a desesperante idea de non vela nunca máis, de perdela para sempre, pero o certo é que por un instante deixámo-lo mundo, a xente, para fundirnos nun só.

- Prométeme que volverás, Miguel.
- Non chores, miña rula. En canto poida voltarei, prométocho. E levareite comigo á capital. Lonxe de todo isto. Casaremos e...
- Quérote moito, Miguel. Só prométeme que non vas cambiar, que a cidade e mailos cartos non cambiarán o rapaz sinxelo e doce que coñecín.
- Raíña...
- ¡Pasaxeiros con destino a América: embarquen por favor!

Nunca esquecerei como as nosas mans se foron soltando ata quedar tendidas no ar. Como subín a pasarela, magoado e triste. Deixaba a miña terra, Galicia.

Deixaba a miña familia, os meus amigos, o pobo que tantas veces critiquei, e co que vivín tantos e tantos momentos. E alí estaba ela. Facendo acenos coa man. Dicindo adeus sen querer dicir nada. Baixo a luz da farola viase radiante. O barco comezou a navegar. Corrí cara á proa.

- Adeus- berrei conmovido. Verémonos pronto, raíña.







O único que lembro é o seu reflexo borroso baixo o fondo un mar picado.

O certo é que eu agora xa son un home. Fixen a miña vida aquí, en Arxentina, e debo recoñecer que tiven moita sorte. A miña vida foi moi doada. Ó pouco de chegar o meu pai morreu, e tiven que facerme cargo do seu negocio. O certo é que non casei. Eu tiña proxectos, grandes visións para un futuro, pero neles non entraba Ágata. Eu cría que aquilo quedara nun amorío de rapaces. E non lle dei moita importancia. Do mesmo xeito crin que ela tamén refaría a súa vida alí, no pobo. O que non me imaxinaba era o que me estaba a piques de acontecer.

Unha tarde, cando estaba no restaurante, recibín unha chamada. A miña nai, sen o meu consentimento, déralle o meu número a Ágata, e esta chamoume. Cando escoitei a súa voz, pon puíden sentir máis que indiferencia.

Ela falaba de promesas de amor, dunha historia que non podía rematar. Teño que recoñecer que me mostrei frío e distante con ela, incluso cruel, pero díxenlle a miña situación, expliqueille que todo aquilo polo que loitamos xa só era po que se amontoara co tempo sobre un moble vello. Ese día a conversa non durou máis ca dous minutos.

Sentía mágoa por ela, pero eu cría que esa historia era pasado, e non lle vía futuro.

Os días pasaron. Cando xa caía a última folla do outono, recibín outra chamada. Outra vez me mostrei implacable, mesmo lle dei a entender que estaba molesto polas continuas chamadas. Pero esta vez colgou de inmediato. Eu comezaba a sentirme mal, non quería ser tan cruel con ela, pero ela debería entender que o que había entre nós rematara xa había ben tempo.

E o tempo pasou axiña. E coa chegada do frío inverno chegou tamén unha sorpresa que me ía cambiar o rumbo da vida.

Unha mañá, cando saía eu compra-lo pan, como soía facer a cotío, vin unha estraña muller fincada no rachón da porta do edificio. Non lle dei importancia e seguín camiñando. Pero cando xa levaba uns metros lonxe do edificio escoitei:

- ¿ Miguel? ¿ Es ti, Miguel?

Fitei un pouco naquela estraña muller, que me tiña un raro acento, moi parecido ó meu, e enseguida pensei que podía ser unha paisana galega, e achegueime correndo. Morría coas ganas de falar un pouco no meu idioma.

- Si, son eu. ¿ E ti quen es?

- Son...son..., ti non me coñeces, son amiga da túa nai.













Nese momento a súa cara parecíame coñecida, pero non fixen preguntas. Tan só a invitei a tomar un café, e falamos toda a mañá. Cando o estabamos a pasar xenial, comentando anécdotas de Galicia, esa estraña muller ergueuse e dispúxose a marchar. Sen dicir nada colleu un pano e escribiu un número de teléfono. Pouco despois marchou. Deixoume intrigado. Pasei toda a noite pensando nela, e á mañá seguinte non puiden evitar chamala. Teño que recoñecer que era moi fermosa. Tiña un cabelo cor cereixa e unhas fazulas avermelladas. O certo é que me recordaba a alguén, pero non lle dei moitas voltas. Ó seguinte día volve-mos quedar para tomar outro café. E así durante varios días. As súas saídas cada vez eran máis intrigantes. Era coma se quixese xogar ós misterios, e a min ese xoguño... gustábame. Comezamos a saír. As citas pasaron de tomar café a cear polas noites, ou incluso saír a bailar. Non sei como pasou, pero esa moza traíame tolo. Sen querer, namoreime coma un rapaciño da que cría a muller perfecta. A nosa relación fíxose sólida. Coa chegada da primavera, cando os lagartos comezaban a asomalo rabo, unha mañá coma outra calquera, ela desapareceu. Sen dar ningún tipo de explicación. Días máis tarde, amolado polo suceso, afundido na miña soidade, recibín unha carta. Era ela. Facíase chamar Ana Belén. Abrín o sobre axiña, esperando algunha explicación, pero o único que atopei no fondo do sobre foi unha nota que dicía:

- Faite á idea de que o noso rematou. Que todo aquilo polo que loitamos non é máis que po que se amontoou co tempo sobre un moble vello. Prometiches non cambiar...

Daquela comprendino todo. Era Ágata. A mociña que me namorara cando era só un neno, cando tiveren que abandonar Galicia en busca de fortuna. Era aquela rapaza que enchín de ilusións, as mesmas que derrubei sen ser consciente do que facía. Entón comprendín que o que fixera fora unha vinganza, estaba doída no seu orgullo de muller. Eu sentíame moi mal, máis baixo cá terra.

Odieime mil veces por perder a única oportunidade que tiña de ser feliz. Non o pensei dúas veces, corrín a buscala. Durante días remexín ceo e terra para atopala; pero foi inútil. Unha tarde, pensando nos meus tempos mozos, lembreime dun regueiro ó que soiamos ir cando eramos mozos. Ela dicía que se pedías un desexo cumpríase. Non sei que foi o que me impulsou, pero o certo é que collín o primeiro barco para Galicia.

Xa non me importaba nada. En canto cheguei dirixíme ó regato, preto dun prado chamado O Telmiro. Sentei no chan. Metín as xemas dos dedos na auga, e pechando os ollos pedín ó ceo que me dera outra oportunidade para ser feliz... Case sen darme conta sentín unha man que me tocaba no ombro con seguridade. Mirei cara atrás, e alí estaba ela.









Radiante, o seu cabelo estaba mollado e non tremía, parecía moi segura de si mesma.

Falamos durante horas. Pedínlle perdón, supliqueille. Confeseille o amor que sentía por ela e...

- ¿E perdooute, avó? ¿Que fixo a avoa?
- Seguro que lle deu unha patada, coma en Songoku.
- Escoitade con atención o final da historia, fillos... ¿Por onde ía...? Ah, si. Confeseille o meu amor e ela perdooume. Fixemos daquela tarde unha tarde máxica. Recordo as palabras da túa avoa:
- Ves que lembro cada detalle de ti, que o meu único soño é facerte feliz, que non importa o que pasou, non importa a dor se hoxe estás onda min.

E así remata a historia da vosa avoa e mais eu. Logo casamos e tivemos o voso pai.

- Ho, avó, encántame escoita-las túas historias.
- Porque ti es un cursi. Ha, ha...
- ¡Cala, paspán!
- Calade os dous e ide dummer, que xa é moi tarde.
- ¿Que fas, meu rei? ¿Outra vez contando a nosa historia? Non cambiarás nunca.











Nerea Rodríguez Rodríguez  
Colexio Apóstolo Santiago. 2º Premio.

## MARIO

Fago isto porque son libre. Porque podo facelo. Doume conta de que cada vez valoramos menos a nosa liberdade.

Houbo xente que sufriu, xente que loitou, xente que pelexou, gritou, deu, amou ou incluso morreu pola liberdade. Houbo xente que foi encadeada, encarcerada, gobernada... ¡Sen pensar que eran libres!

Estou cansa de que ninguén valore o que aquí temos, e é por iso polo que escribo isto, porque vivo nun país ceibe no que podo dicir o que penso sen ser recluída.

Miles e miles de homes e mulleres encarcerados nun agonizante exilio interior non poden dicir o que senten se non queren facer unha viaxiña ata o ceo... Nós non o vivimos tan lonxe. ¿Que foi o que pasou aquí nos anos de posguerra? A nosa liberdade censura. E foi así como aprendemos unha valiosa lección. As cousas que nos parecen máis insignificantes son as que máis valor toman cando nolas quitan. Pensemos por exemplo: ¿valoramos agora o feito de poder expresar cal é o noso partido político? ¿Valoramos agora o feito de poder falar a lingua que nos pete? ¿Valoramos poder ter amigos de diferentes razas e que sexan iguais a nós?

Centos de exemplos así son os que me moven a escribir isto. Pero hai un, un en particular que fai que todo o que digo tome sentido para min. Hai un exemplo que foi o que fixo que eu pintara sobre a parede da miña habitación a palabra liberdade. Porque é o que sinto. Liberdade é o que corre polas miñas veas. A liberdade é o que alimenta a miña esperanza dun mundo mellor. A liberdade é a que me permite voar, camiñar, somerxerme no mundo que eu quero sen que ninguén se meta na miña vida.

A historia que me move a escribir isto é a historia do meu mellor amigo. El é a mellor persoa que eu podo imaxinar. Nunca se meteu con ninguén, aínda que fora por defenderse. Os seus pais viñeron hai xa moitos anos a Galiza, ou Galicia, como cada un queira chamala, non quero entrar en polémicas.

Indo ó gran, Mario era un bo rapaz; notas excelentes, falador, tiña unha boa relación con seus pais, e ante todo deportista. Mario era





-----



moi alto e tiña futuro no baloncesto; de feito xogaba na selección galega e pronto xogaría na española.

Había xente á que non lle gustaba Mario. Xente que na miña opinión non chega nin á intelixencia das ratas... ¿Que importa que os seus pais non sexan galegos?; el si que o é. ¿Que importa que Mario sexa negro? ¿Acaso iso cambia a súa nacionalidade? El é galego coma ti e coma min. Fala galego igualiño ca nós. Está nacionalizado español e é tan español como o que máis.

E aínda así hai xente á que non lle gusta. Pensaredes que é un rancor pequeno gardado no seu interior. Un rancor dos pais que ven que o seu fillo é peor que Mario, e buscan formas de descalificalo para que o seu fillo mimado poda chegar ó máis alto. Pois si, é todo iso, pero non é nin pequeno nin está gardado.

Imaxínade o que sente Mario en cada un dos partidos nos que hai pais cheos de odio que levan pancartas nas que se pode ler: "africanos a África", "non queremos sangue negro", e na miña opinión a peor "negro de merda, sufrirás".

¿Surrealista, verdade? Certo. Eu tamén me asombro con xente así. Paréceme increíble que exista xente capaz de albergar tanto odio no seu interior...

Pois aínda que pareza mentira, é certo. Pero o peor da historia está por chegar. Podería adornalo e facer disto unha novela, pero penso que nestes casos, se se trata de chegar ó fondo dun asunto, o mellor é dici-las cousas sen dubidar, rápido, para que chegue ben adentro.

Podería dicir: era tarde e o sol púñase no horizonte convertendo o ceo nun espectáculo laranxa. Mario saía de xogar o mellor partido da súa vida.

Este partido consagraríao. Todo o mundo sabía que Mario chegaría lonxe.

Camiñaba para casa respirando profundamente e saboreando a suave brisa que chegaba á súa cara. Podía verse un sorriso na súa faciana. Mario botaba o balón ó mesmo ritmo que os seus pasos. Meteuse na pequena rúa que o dirixía á súa casa. Alí non había ninguén. A tranquilidade palpábase cos dedos. Seus pais non estaban. Marcharan de vacacións cos veciños.

O seu plan para o resto de día era simple: tiña pensado sentar diante da tele ou escoitar música e descansar. Cando, de súpeto, dous homes moito máis altos ca el tiráronselle encima e comezaron a darlle golpes nas pernas cuns bates. Mario miraba o ceo, o ceo laranxa comezaba a escurecerse. Non tiña forza para gritar, simplemente pechou os ollos e rezou para que todo acabase pronto. Non podía aguantar máis esa dor. De súpeto deixou de sentir. Cando eu cheguei, Mario estaba tirado no chan. Non respondía. Había sangue ó seu redor. Gritei. Ambulancias. Hospitais. Psicólogos. Televisión. Prensa...



-----









Pero prefiro dicir: era tarde, o sol púñase no horizonte e dous homes case matan a Mario. A tranquilidade palpábase e dous homes deixaron a Mario nunha cadeira de rodas. Mario tiña pensado sentar esa tarde a descansar. E por culpa deses dous homes non so sentará a descansar esa tarde, senón que pasará sentado o resto das tardes da súa vida.

Mario aínda non sabe nada. Aínda non espertou. Todo o mundo pensa como se lle dirá que o seu soño rematou. Ninguén quere velo chorar. Ninguén quere velo sufrir. Hainos que si...

Hai xente á que lle gusta cazar moscas e quitarlle as ás. Hai xente á que lle gusta ser o máis grande, un ídolo, unha meta. Pero truncárono. El podería competir cos grandes, gañar títulos, vender miles de camisetas. Pero truncárono.

Acabaron coa ilusión dun rapaz de quince anos. Acabaron coa ilusión dunha familia enteira. Acabaron coa ilusión dunha vila. E todo por conseguir o que o seu fillo non podía conseguir nunha cancha de baloncesto. Gañarlle a Mario.

Unha vida rota. Uns dereitos esquencidos... Todo o mundo ten dereito á vida, todo o mundo ten dereito a unha nacionalidade, a poder expresarse, a xogar ó baloncesto, a camiñar pola rúa sen que ninguén lle quite as pernas.

Todo o mundo ten dereito a estar feliz...

As liberdades dunha persoa rematan cando empezan as de outra. Todo o mundo coñece esta frase. Pero hai xente que non creo que entenda o que significan estas dez palabras.

Non entendo por que hai quen non soporta que a xente que vai pola rúa non sexa igual ca ti. Se eses homes coñeceran a Mario saberían que o interior da persoa é o que conta. Mario falaba igual cos brancos, cos negros, cos amarelos... Mario era libre. Mario era feliz. Mario...

Mario esperta. Todos están ó seu redor. "Mario, fillo, que tal?

Alégrome. Mira fillo, non sei como explicalo, pero... non poderás camiñar nunca máis".

Mario chora. Por que el. Por que agora.

Mario era libre de xogar ó que quixera. De se-lo mellor. Xa non o é. Arrizáronlla.